

Aumento do 25% no IBI e do 85% na taxa do lixo en Ponteareas

Páxina 4

“Ponteareas Simplifica” facilitará a xestión tributaria

Páxina 5

Reforma da escola de Redondo en Covelo

Páxina 10

A Cañiza aproba o “Plan de Saneamento Financeiro” 2024

Páxina 11

16 mozos arrancan o obradoiro de emprego no Porriño

Páxina 12

Zona de lecer para as mascotas no Porriño

Páxina 13

“Meu Concello”, nova APP para a veciñanza mosense

Páxina 14

Convenio de 126.000€ para 32 colectivos de Salceda

Páxina 15



A Residencia de Artistas pulsa o momento político en Ponteareas

Páxina 3

Entrevista



Xosé González Martínez | Presidente do Foro E. Peinador

“Para galeguizar o país debemos procurar novos axentes e unha política lingüística de maior periodicidade”

Páxina 16

euronics
Hemos pensado en ti
ANTICIPATE AL BLACK FRIDAY

pikolin
BOINSCON CENTER
Concha Brey, 4 - PONTEAREAS
Teléfono: 986.640.115 609.851.452

Del 8 de noviembre al 2 de diciembre
BLACK FRIDAY **60%** DESCUENTO **pikolin**

EDITORIAL

Guillermo Rodríguez. Director



Temos o que merecemos?

No editorial do pasado mes de outubro falabamos de que somos o que lemos, o que escoitamos e o que vemos. Hoxe, despois das dúas desgracias vividas, aínda que con diferencias importantes, a DANA de Valencia e a DANA de EEUU, poderíamos dicir que o tiñamos merecido. No primeiro caso por ter apostado por gobernantes incompetentes e no segundo por non poñer coto a esa política que está asolagando o mundo debaixo dun manto de supremacistas, negacionistas e ineptos.

O que pasou en EE UU é algo que nos vai afectar, xa o está facendo, directamente nas nosas vidas. Non hai máis que observar con atención quen e de que maneira foi saudando ao novo Presidente americano Donald Trump.

Lémbrome dunhas conferencias organizadas polo xornal A PENEIRA cando foron as primeiras eleccións ao Parlamento Europeo en que se falaba do intento dos americanos do norte de conseguir o que se chamaba "Acordo global comercial". Finalmente non foi adiante aínda que os promotores, apoiados na súa maioría polos EE UU non se engurraron e seguiron cos seus propósitos pero de xeito máis suave. Agora este energúmeno americano xa non ten pelos na lingua para falar dun proteccionismo total de todo o que sexa americano, de poñer aranceis a todos os produtos que tenten entrar no seu mercado, de erguer un muro comercial arredor dos produtos norteamericanos como xa comezou a facer no mandato anterior, na fronteira con México.

Que vai pasar con Europa e Occidente



cando este "tolo político" se suba ao seu cabalo comercial e trate de impoñer as súas regras de xogo? Nada bo, por suposto. A UE xa fala de tomar medidas para facer fonte ao tsunami que se nos ven enriba. Logo de tantos anos confiando no "paraugas norteamericano" a molladura que nos vai alcanzar vai ser soada. Tempo ao tempo.

A segunda desgracia actual é a DANA que asolou a terras de Levante. Poderíamos ter a tentación de pensar que non estaba

da nosa man evitalo, pero como habitantes dun anaco do planeta que nos toca administrar, temos moita responsabilidade.

Aquí tamén está involucrado o "irmán ianqui" coa droga que nos subministra en forma de desenvolvemento económico e de aproveitamento da terra. Ese capitalismo desapiadado só pensa en desfrutar de todo o que nos rodea sexan cales sexan as consecuencias. Veremos que pasa con ALTRI despois dos informes desfavorables que ten a Xunta enriba da mesa e da oposición de centos de miles de galegos.

Non imos entrar en descalificacións políticas, aínda que teñamos que asistir a declaracións realmente incomprensibles que pretenden botarlle a culpa a unha soa persoa: o presidente do Goberno central. Pase o que pase para as forzas pro-americanas calquera desgracia que teñamos que sufrir sempre terá o mesmo culpable: Pedro Sánchez.

O cambio climático non existe. Só é froito de mentes preclaras que non saben falar doutra cousa. Pero a natureza non se rexe polo IBEX 35 e se non tomamos medidas urxentes estamos perdidos. España

está consternada polas persoas falecidas e polas que aínda están desaparecidas. Os que puideron salvar a vida perderon todo o que tiñan. Canta dor que se podía ter evitado se a prioridade fosen as persoas. Todos estamos intentando axudar e nestes momentos somos moi solidarios, facemos verdadeiras heroicidades para arrimar o ombreiro, pero despois dun tempo e dunha inversión de miles de millóns de euros para volver á normalidade todo seguirá igual. Aquí non hai culpables. Volveremos a construír edificios nos leitos dos ríos e nas cañadas naturais e seguiremos contaminando con todas as sustancias posibles ata que a Señora Atmósfera se cabree outra vez e nos indique quen manda.

Para o capital estas desgracias son oportunidades extraordinarias de engordar as súas contas de beneficios. A destrución de Palestina e países veciños, a destrución deste pobos de Levante e calquera outra desgracia natural serven como desculpa para aumentar a produción de armas de guerra, para a construción de estradas e pontes sobre os ríos desbordados... Os grandes empresarios xa están aí moi atentos esperando que lle digan: érguete e pon as túas máquinas a funcionar que o Papá Estado todo o paga. E así ata a seguinte.

Desculpen; non sei se o que estou escribindo pode interesarlle a alguén pero só pretendo desafogarme e soltar esta rabia contida que me corroe as entrañas.

Desexo que todas as persoas afectadas pola DANA poidan refacer as súas vidas e superar esa dor infinita que están sentindo nestes momentos.

www.novasdoeixoatlantico.com

AS TAPAS GALEGAS DE TODA A VIDA

PETISQU'EIRA

Rosalia de Castro,62 -Telf: 639 244 940
SALVATERRA DE MIÑO

TRAGA D'EIRA

Santa Ana, 3 - Telf: 694 416 706
BOUZAS - VIGO

Director: Guillermo Rodríguez Fdez.
T.658 58 50 49
guillermo@novasdoeixoatlantico.com

Edita: Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.
Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD
(36860 PONTEAREAS - GALIZIA)
T. 658 58 50 49 - x.foroapeneira@gmail.com

Imprime: Publicaciones Tameiga S.L.

Publicidade: Dpto. propio e axencias
x.foroapeneira@gmail.com

Deseño e maquetación: Fran Eiró

Colaboradores: Roberto Mansilla Blanco, Montserrat Rodríguez, Anxo S. Porto Ucha, Raquel Vázquez, Carlos Méixome, Manuel X. Xiraldes, Fco. Puñal Suárez, X.A. Pérez Lema, Xosé González Martínez, Baldomero Iglésias (Mero), Nicolás Xamardo, Nemesio Barxa, Andrea Goro, Anxo Mena, Inma Otero Varela, Manso Preto, Isabel Varela.

Depósito legal: VG 226-2018

PONTEAREAS

A Residencia de Artistas pulsa o momento político en Ponteareas

A Residencia Artista é a extensión da UNED, un proxecto "ilusionante" en palabras da Alcaldesa Nava Castro, botou a andar este 26 de outubro o edificio da Praza Maior cunha inauguración que contou coa presenza do presidente da Xunta de Galicia, Alfonso Rueda; do presidente da Deputación de Pontevedra, Luís López; do director do Centro Asociado da UNED Pontevedra, Víctor Manuel González Sánchez, así como varias Alcaldesas e Alcaldes da comarca do Condado, destacando Salvaterra de Miño, As Neves, O Covelo, Mondariz e outros representantes políticos e institucionais.

Ao mesmo tempo, e con varios lemas como "S.O.S. Centro Cultural na vila xa" e "Centro Cívico para toda a xente e non uns poucos" ás aforas do edificio da Praza Maior realizouse unha concentración de protesta convocada polo Ateneo Amado Garra, e que contou coa presenza de representantes

locais do BNG, o PSdeG, PEC así como da veciñanza, asociacións e colectivos que esixen que o edificio rehabilitado na Praza Maior se destine ao centro sociocultural proxectado en beneficio de toda a poboación, a mocidade e asociacións, tal e como foi aprobado e estipulado coa recepción dos fondos europeos EDUSI durante o anterior goberno municipal BNG-PSdeG no Concello.

No acto de inauguración, Nava Castro defendeu a iniciativa de Artista e da UNED como "un motor fundamental para o desenvolvemento de Ponteareas" a través da cultura e da formación.

A Residencia contará con pensión, habitación, aseos e cociña para que dez artistas seleccionados baixo unha convocatoria poidan desenvolver as súas respectivas obras e iniciativas culturais. O edificio tamén acolle o espazo de estudo da UNED onde se impartirán diversos cursos de formación. As habitacións están no-



meadas con diversas figuras insignes da Comarca como Rogelio Groba ou Reveriano Soutullo.

A música, un signo distintivo de Ponteareas, estivo presente coa actuación do trío de trompetistas da Banda Xuvenil de Xinzo, que interpretou pezas de compositores como G.F. Händel, Frank Eriksen e André Waignein.

No final do acto o presidente Rueda foi agasallado pola Alcaldesa Nava Castro cunha lámina do artista ponteareán Alfonso Pexegueiro, en recoñecemento ao apoio da Xunta en canto á creación de Artista e da sede local da UNED.

A Residencia de Artistas supón un termómetro clave para medir o pulso político que actualmente se vive en Ponteareas, condicionado pola polarización entre goberno, oposición e colectivos veciñais en torno á ubicación de Artista, os fondos europeos utilizados e a proposta inicial de creación dun Centro Cívico, do que carece o municipio.

BNG: "Ponteareas perdeu case 300.000€ polo cambio de uso do Centro Cívico"

O voceiro municipal do BNG, Miguel Bouzó, explicou que "o goberno de Nava Castro perdeu case 300.000€ coa súa decisión de colocar cociña e camas para un albergue con pensión completa para artistas no edificio da Praza Maior que se estaba rehabilitando co anterior goberno do BNG para crear un Centro Cívico para mocidade, asociacións, espazos culturais e para o benestar social".

Considerou "unha desfeita" do goberno municipal no remate da execución e na xustificación dos fondos europeos EDUSI. "A operación financiada superaba os



900.000€, pero os atrasos polo cambio de uso para satisfacer o capricho de Nava Castro contribuíron a que non foran capaces de utilizar case 100.000€ antes de que rematase o prazo de exe-

cución dos fondos. Ademais, o Organismo Intermedio da Autoridade de Xestión sancionou a Ponteareas retirándolle outros case 200.000€ por distintas irregularidades relativas a esta obra".

Gonzalez Carrera denuncia ao BNG por injurias

Juan Carlos González Carrera, portavoz de ACIP e primeiro tenente alcalde, presentou no xulgado de Ponteareas unha denuncia contra o grupo municipal do BNG por un presunto delito de injurias e calumnias, ao difundir información falsa sobre a forma de contratación das empresas encargadas da subministración, montaxe, procedemento e desmonte do valado para a procesión do Corpus Christi do 2024.

Nesta información, difundida a través da web e de buzoneo, os nacionalistas sinalan a Carrera como un dos responsables de



participar nunha trama de irregularidades e tramitacións indebidas ao contratar a dedo a unha empresa para realizar o traballo adjudicado legalmente a outra.

A denuncia, presentada por Carrera para defender a súa honorabilidade, foi admitida a trámite polo xulgado.

TRIFOLIUM INGENIEROS

Luis Gelpi Álvarez
INGENIERO AGRÓNOMO
Colg. G834

Alcalde Daniel Ojea, 10 bj
PONTEAREAS
☎ 653 047 430 / 886 216 505 ✉ lgtrifolium@gmail.com

PAÑADERIA A BROA CAFETERIA

Puzo - San Mateo - Ponteareas
Teléf. 986 657 577 - Móvil, 639 817 090

Despachos:
Ponteareas - C/. Estrada, N.º 15 - Teléf. 986 660 951
Salvaterra de Miño
C/. Rosalía de Castro, s/n. - Teléf. 986 075 874

TEASEGUROS

Corredora Rosa Domínguez
Rúa Reveriano Soutullo 5, Ponteareas
986 641 623 - 696 379 393

CONDADO/PARADANTA

PONTEAREAS

Aumento do 25% no IBI e do 85% na taxa do lixo en Ponteareas

O Concello de Ponteareas aprobou en pleno extraordinario o aumento da taxa do lixo nun 85% e a do IBI nun 25%. A coalición de goberno xustificou a suba da taxa do lixo na normativa estatal que obriga a que o custe do servizo sexa asumido integralmente polos usuarios e a suba da contribución na necesidade de cadrar os presupostos municipais.

A oposición criticou que o pleno fora convocado con só 14 horas de antelación, a tarde do

día 7 para as 8 da mañán do día 8, para "subir brutalmente os impostos como auténticos carteiristas, para que ninguén se decate." O BNG lembrou que a dereita xa subira o IBI no 2009 e que foi reducido ao mínimo legal coa chegada do Bloque ao goberno. "Agora, o goberno da dereita de sempreolve incrementar o imposto para recadar uns 800.000 euros máis ao ano". Miguel Bouzó calificou o aumento da taxa do lixo de "auténtico sablazo" ao pasar o recibo no rural de 46,90€ a 86,77€ e no

centro urbano de 83,39€ a 154,27€, máis de 70€ por recibo, e cargou contra a "suba abusiva" do canon que os concellos teñen que pagar a SOGAMA polo tratamento dos residuos, que provoca que o aumento da taxa sexa desorbitado. Así mesmo, o PSOE considera as subidas "desproporcionadas, inxustas e perxudiciais para as familias e pequenos negocios" culpando da suba do lixo á mala xestión de residuos por parte da Xunta e a do IBI ao despilfarro do goberno municipal.

O BNG pide a comparecencia de Nava Castro na comisión de investigación do Parlamento

O BNG vén de anunciar que solicitou a comparecencia da Alcaldesa Nava Castro na comisión de investigación na que o Parlamento Galego investigará as irregularidades na contratación pública do PP.

Os nacionalistas lembran que o Consello de Contas xa advertiu nun informe que a Axencia de Turismo de Galicia, dirixida nos últimos dez anos por Nava Castro, recorría baixo a súa dirección ao fraccionamento de contratos para



adxudicalos a dedo en lugar de convocar concursos públicos.

Precisamente, unha das empresas de comunicación de con-

fianza de Castro, coa que realizaba contratacións en Turismo e que traballou para o Partido Popular, acumula agora ducias de miles de euros adxudicados a dedo polo Concello de Ponteareas, replicando as prácticas irregulares da Xunta e polas que foi advertida polo Consello de Contas. Esta mesma empresa acumulou facturas adxudicadas a dedo por máis de medio millón de euros nos dous últimos anos de Castro á fronte da Axencia de Turismo de Galicia.

O BNG propón un estudo sobre as vías en mal estado



O BNG mantivo un encontro coa veciñanza do barrio da Pardantela, na parroquia ponteareá de Prado, para escoitar as súas necesidades urxentes en materia de seguridade viaria e de accesibilidade ás súas vivendas ante as recentes choivas.

A concelleira do BNG Cristina Fernández Davila, presentou unha batería de propostas para solucionar estes problemas de infraestruturas básicas, destacando "un proxecto que recolla todas as accións necesarias para mellorar a mobilidade e a seguridade

no barrio da Pardantela" e a necesidade de "enlazar coa estrada PO-254 as vías da zona oeste e da zona sur do barrio, que é de terra practicamente na súa totalidade, mellorando a súa pavimentación e garantindo un ancho suficiente".

O BNG propón a elaboración dun estudo, que recolla a solución e programación de execución de todas as vías municipais en mal estado, unha vez que durante o goberno do BNG se elaborou un inventario de camiños que recolle a situación na que se atopa cada unha.

Máis información na nosa web
www.novasdoeixoatlantico.com

Servizos técnicos forestais e obra do rural

Xirela

Azorín, 9 Estudio - 36860 PONTEAREAS
Tlef. 986 078 071

M
INMOBILIARIA
MERCA VENDA

Casas
Locales
Fincas
Pisos

Ventas
Alquileres
Tasaciones
Presupuestos

Telfs: 986 642 510 - 645 882 020
Avenida Rosalía de Castro n°4, baixo, 36860 Ponteareas
mercavenda@mercavenda.com - www.mercavenda.com

LOVECARS[®]

www.lovecars.es

A CASA da TRIGA
RESTAURANTE

Abrimos todos os días de 12 a 23:59h

Praza Maior, 19 baixo
PONTEAREAS

Non pechamos cocina

PONTECAMPER
Alquiler de CAMPERS y AUTOCARAVANAS

667 40 19 07

www.pontecamper.com

PONTEAREAS

“Ponteareas Simplifica” facilitará a xestión tributaria

Enmarcada na estratexia “Ponteareas Simplifica”, a concellería de Facenda do Concello de Ponteareas, que dirixe Francisco J. Repesas, informou que dende o 1 de novembro entrou en funcionamento o novo Portal Tributario Municipal (OVT), un novo servizo municipal a través do que se poderá acceder toda a información e normativa en relación aos ingresos públicos do Concello actualizada e xestionar a liquidación e ingreso de taxas e prezos públicos, dispoñible 24 horas e 365 días ao ano.



Así, as taxas/prezos públicos (agás os conceptos delegados no ORAL ou recibos domiciliados) so se poderán auto liquidar e ingresar de maneira telemática desde a OVT polo contribuínte, ou ben acudir presencialmente á oficina

de Recadación municipal. Desde a OVT, ademais, poderase facer o pago utilizando calquera canle de ingreso habitual e incorpora a opción BIZUM. Para promover a utilización do Portal está prevista para 2025 a aprobación dunha

bonificación aplicable só no caso de utilizar a OVT para a auto liquidación e ingreso de débeda, reducindo na medida do posible o trámite presencial nas dependencias municipais.

290.000€ para Atención Temperá

O Concello de Ponteareas informou que a Consellería de Política Social e Igualdade da Xunta de Galicia vén de concederlle 290.000€ para o servizo de Atención Temperá que ofrece apoio especializado na actualidade a 64 nenas e nenos que teñen un trastorno no desenvolvemento ou unha discapacidade recoñecida, tendo en consideración á familia e a súa contorna de interacción.



O Concello no só consegue por segundo ano consecutivo respaldo para este servizo imprescindible tamén un incremento de 146.000€ respecto á axuda conseguida o pasado ano. Ademais, reafirma o seu nivel de compromiso coa in-

corporación dunha/ dun especialista máis pasando de 3 profesionais (1 psicóloga 1 pedagoga e 1 pedagoga de audición e linguaxe) a catro profesionais: 1 psicóloga,

1 pedagoga e 2 logopedas. Para poder dar cobertura a todos os usuarios y acabar con la lista de espera se firmó un convenio social con COGAMI.

Novo Policía Local



A concellería de Seguridade do Concello de Ponteareas deu a benvinda ao novo axente da Policía Local de Ponteareas que tomou posesión da súa praza no salón de plenos do Concello tras superar o período de prácticas. Segundo explica o

tenente de alcaldesa e concelleiro de Seguridade, Juan Carlos Carrera, na actualidade a unidade da Policía Local conta con esta nova incorporación con quince policías e un policía en práctica, un oficial e unha oficial xefa da Policía Local.

ANO AMADO GARRA 2024

CICLO DE CONFERENCIAS NOVIEMBRE

15	VENRES CASA CULTURAL DE AREAS
2030h	LISBOANOS. ENTRE AS TERRAS DE DESTINO E AS DE ORIGEM. NOTAS PARA O CASO DE AMADO GARRA CARLOS PAZOS PROFESOR DA UNIVERSIDADE DO MINHO
22	VENRES CC A ANTORCHA DE CRISTINADE
2030h	GARRA E O AGRARISMO MIGUEL CABO CATEDRÁTICO USC HENRIQUE HERVÉS PROFESOR DE SECUNDARIA E UNED
29	VENRES CENTRO CULTURAL DE XINZO
2030h	GARRA E O REPUBLICANISMO FRANCISCO CANDEIRA HISTORIADOR ROBERTO MERA BIÓGRAFO DE AMADO GARRA



CONDADO/PARADANTA

Proxecto Ponteá Interxeracional

A Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, a través da Dirección Xeral de Xuventude, vén de conceder 25.000€ ao Concello de Ponteareas para o proxecto "Ponteá Interxeracional" que desenvolve a Oficina Municipal de Voluntariado.

Esta subvención premia a elaboración e execución de proxectos de voluntariado interxeracional no medio rural vinculados co proxecto piloto Talento interxeracional, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU. Entre as actividades realizadas están



tarefas medioambientais/ etnográficas, apicultura con Mel O Puño en Cristiñade; cestería de vimbo e de ratán; cociña e repostería tradicional nos Muíños de Oliveira; imaxe e son; patronaxe

e costura; recollida de plantas aromáticas e medicinais para facer xabóns e aceites medicinais e tarefas relacionadas coa arte alfombrista de Ponteareas e a veciñanza do rural.

19 establecementos na II edición de "Pinchotea"

Un total de 19 locais de hostalería participaron na ruta Pinchotea, que tivo lugar do 24 de outubro ao 10 de novembro. Este ano a 'Asociación de Comerciantes Banastra' e a 'Asociación de Comerciantes Tea' colaboran coa ruta.

Así, nesta segunda edición da ruta os veciños e veciñas, así

como os visitantes, poderán degustar as tapas e pinchos que elaboran os seguintes locais: MacDona, Bar Cortiñas, Casa Ferreira, Bar Romi, Mamá Fina, D'Peyo, Novo Melodi, Luna Flores, La Preciosa, Papelón con limón, Eira Vella, El Túnel, Casa Cultural Arcos, Xirope, La Oficina, Troll, Café Bar Ciudad e La Carlotta Burguer.

As principais novidades desta edición son unha páxina web participativa para a veciñanza e a aparición dunha categoría nova, o 'Pincho Taverneiro', en conmemoración do Camiño Taverneiro, un percorrido polo interior da provincia de Pontevedra de gran interese cultural e natural. Tamén haberán sorteos e agasallos.

PSOE: "Os Orzamentos da Xunta esquécese de Ponteareas"

A portavoz do PSdeG de Ponteareas, Vanesa Fernández, expresou a súa profunda preocupación pola insuficiencia dos orzamentos presentados pola Xunta para o próximo ano. Segundo o PSdeG, estes orzamentos non inclúen partidas específicas e suficientes para investimentos cruciais en Ponteareas, como son o saneamento das parroquias, a vivenda, o parque empresarial, así como proxectos "prometidos e vendidos dende o PP", como son o novo centro de saúde ou



unha nova escola infantil municipal.

O PSdeG de Ponteareas insta á Xunta a revisar e modificar os or-

zamentos para incluír as partidas necesarias que garantan a realización destes investimentos prometidos.

O PSOE pide a paralización na convocatoria de oposicións

A portavoz do PSdeG de Ponteareas, Vanesa Fernández, instou o goberno municipal a paralizar de inmediato o proceso de oposicións no Concello de Ponteareas trala denuncia presentada polo sindicato UGT, que alega que se modificou unilateralmente a oferta

de emprego público previamente acordada, vulnerando así o dereito á negociación colectiva. Ademais, considera que estas prácticas do goberno local supoñen unha volta ao pasado, cando en Ponteareas se producían graves problemas de enchufismo.

Vanesa Fernández: "Teremos nova escola infantil grazas ao Plan da UE que logrou Pedro Sánchez"

A nova escola infantil de Ponteareas, un proxecto necesario para Ponteareas será financiada en gran medida, tal e como reconece o goberno municipal, polo Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia da Unión Europea. Este financiamento foi posible grazas ás xestións do goberno de Pedro Sánchez, quen logrou asegurar estes recursos a pesar das críticas e a oposición do Partido Popular (PP). "Pedro Sánchez soubo convencer o conxunto dos países da unión europea da ne-

cesidade de apostar pola inversión e non polos recortes como na crise do 2008." subliñou a portavoz socialista Vanesa Fernández.

Desde o PSdeG-PSOE animan ao goberno municipal a seguir a senda marcada polos socialistas nos mandatos anteriores e aproveitar o financiamento europeo para mellorar e ampliar os servizos públicos, así como facer un pobo máis accesible e respectuoso co medio ambiente, apostando pola recuperación de espazos para a cidadanía.

Programa Xuventude Mentoring na Empresa

O Concello de Ponteareas é beneficiario dunha subvención para participar no programa Xuventude Mentoring na Empresa, impulsado pola Xunta de Galicia e cofinanciado pola Unión Europea no marco do Programa da FSE+Galicia 2021-2027.

A través deste programa, dez persoas de entre 18 e 30 anos

poderán realizar estadias formativas en empresas ou entidades públicas ou privadas, vinculadas a sectores económicos estratéxicos de Galicia. A finalidade do programa é reforzar a empregabilidade e as habilidades e competencias profesionais das persoas inscritas no Sistema Nacional de Garantía Xuvenil (SNGX)

Máis información na nosa web
www.novasdoeixoatlantico.com

 **CRISel**
 CONGELADOS
 Abrimos de 9:00 a 20:30h
 Merluza austral de a bordo!
 Rúa Ciclista Emilio Rodríguez, 1, baixo.
 Telf: 672 805 235 - Ponteareas

AREAL MADEIRAS

 986 64 25 95 - 626 686 277
 arealmadeiras@gmail.com
 arealmadeiras.com
 SOLUCIÓNS EN MADEIRAS E DERIVADOS

 **CENTRO DE ESTUDIOS**
TIZAS
 VIRXE DOS REMEDIOS, 2, BAIXO
 PONTEAREAS - ISABEL 639 33 45 53

Mondariz e Pontearreas envían axuda a Sedaví

Os Concellos de Pontearreas e o de Mondariz amosan o seu lado máis comprometido e solidario coas vítimas da DANA (Depresión Aislada en Niveles Altos) e envían tres camións de axuda ao Concello de Sedaví, en Valencia.

A Alcadesa Nava Castro e o Alcalde Pablo Barcia tiveron dende o primeiro momento contacto coa concelleira de Servizos Sociais de Sedaví, Úrsula Isabel Campo, para coordinarse e poder atender o antes posible ás necesidades básicas de produtos de hixiene persoal e doméstica, produtos non perecedoiros, auga, leite, mantas e roupa de abrigo.



Nestes tres camións tamén viaxa a solidariedade das veciñas e veciños dos concellos de A Lama e dos Moteiros do Morrazo e o compromiso social das empresas de transportes Gayoso, Cooperativa de Lézec e Carmelo así como o de

Aguas de Mondariz, Tesis, Dosigal, Bopapel, Darlim, Restaurante Castelo e Distribuciones las 24 horas. Unha vez no polígono industrial recibirán as ordes do Concello de Sedaví que se encargará da distribución.

Sesión formativa sobre o Alzheimer en Mondariz

A Asociación de Familiares de Persoas con Alzheimer do Morrazo (AFAMO) impartiu este 25 de outubro na Biblioteca do Concello de Mondariz, unha sesión formativa gratuíta sobre Alzheimer e ou-

tras demencias, dirixida principalmente a coidadores/as de persoas cunha demencia neurodegenerativa, pero tamén a persoas diagnosticadas en fase moi temperá así como a calquera persoa interesada na temática.

Auditoría para redes de saneamento en Salvaterra

A través dunha subvención de Augas de Galicia por un importe superior aos 18.000€, que corresponde ao 80% da mesma, o Concello de Salvaterra elaborou unha auditoría municipal das redes de saneamento para a detección de infiltracións. Con esta auditoría

realizarase unha memoria da rede de saneamento, cunha listaxe das estacións depuradoras de auga residuais, estación de bombeo de auga residual e fosas sépticas do Concello, incluíndo a súa localización e a listaxe dos núcleos de poboación conectados.

Día da Restauración da Memoria Lingüística de Galicia en Lira

A Asociación de Funcionarios para a Normalización Lingüística convoca un acto cogalo do "Día da Restauración da Memoria Lingüística", o 16 de novembro ás 12 horas no cemiterio de Lira, Salvaterra de Miño. No decurso do mesmo descubrirase unha placa aos falecidos do lugar e substituirán a lápida de Luís Soutullo Iglesias "O gaiteira de Lira" por outra cun epitafio en galego, máis acaído en congruencia coa



lingua na que se expresou en vida e polo inmenso labor que fixo da

transmisión da música e cantos tradicionais galegos. No acto participarán Marta Valcárcel, alcaldesa de Salvaterra, Valentín García, Secretario Xeral da Lingua, Clodomiro Ogando, párroco, Xerardo F. Santomé, musicólogo, Guillermo Rodríguez, xornalista, Xosé González, vicepresidente de AFNLG e un representante da familia do homenaxeado. Os grupos "Xistra de Coruxo" e os Pandereteiros/as "Mistura" amenizarán o programa.

Denuncian abandono na Casa da Cultura de Salvaterra

Con motivo da reasignación de locais na Casa da Cultura de Salvaterra, a Asociación Lazoiro tivo que mudar o espazo que compartía na planta onde están as oficinas da escola de música/banda de música, por unha oficina compartida nun almacén localizado na planta inferior, o cal se des-

tinu a un sinfín de miscelaneas. Tras este cambio, a asociación denuncia que é imposible facer un uso do espazo compartido para realizar reunións, xa que o é empregado habitualmente para a celebración de cumpreanos ou aulas de música e baile. Crítica a ausencia de calendarios e sinalización dos espazos.

**Autoescuela
PONTEAREAS**
C/ Virgen de los Remedios nº 16
Tfnos: 986 660 896 - 604 047 703

**Pauta
MOTOR**
servicio integral para automovilismo
C/. Ramón y Cajal, 8 Telf. 886 03 01 15
36870 MONDARIZ info@pautamotor.com

**Nattex
Pontearreas**
NATTEX PONTEAREAS
Rúa Alcalde Daniel Ojea, 8 bajo. 36860 Pontearreas
T. 986 175 033. M. 618 613 013
nattexpontearreas@gmail.com
www.nattex.com

MiXturas
CASA DE COMIDAS
Verdura y Brioche
686 321 683 - Mondariz Balneario

COMERCIAL AGRICOLA ANTONIO S.L.U.
REPARTO A DOMICILIO POR ENCARGO
POLLOS POR ENCARGO
DROGUERÍA
FERRETERÍA
JARDINERÍA
BEBIDAS
SULFATOS
INSECTICIDAS
BUTANO
VENTA DE PLANTAS
DISTRIBUIDOR OFICIAL Blona de Bona
C/MEROUDES Nº8 - MONDARIZ - T.: 986 656 2181 649 449 459

**Carlos
PELUQUERO**
Plaza de España, 2 - Mondariz
Telf. 619 061 357

OPINIÓN

Por Pedro Souto González

A vellez é un agasallo da natureza

Non é unha doazón "graciosa" das novas xeracións.

Parecerá innecesario escribir sobre esta obviedade, pero a sensación que sentimos moitos Vellos (Maiores para quen se sinta ofendido co cualificativo de Vello, que non é o meu caso), perante o proceder de certos sectores da sociedade actual, convidanos a facelo.

Os tratamentos que, en certos sectores da sociedade (centros sanitarios, residencias, bares, restaurantes, etc.) nos dispensan (con boa intención) ós Vellos-Maiores, pero "adornados" por un ribeteado "ñoño": sênte alí naquela cadeiriña, voulle dar un pinchaciño, vaillle doer un pouquiño, etc.; coma se estivesen tratando con meniños, máis ca sentirmonos ledos, sentímonos incómodos.

Somos persoas Vellas-Maiores, si; persoas con moitos anos, tamén; pero o moderadamente chamado edadismo non está declarado discapacitante; si que, algúns, padecemos limitacións, pero que non se curan con ñoñerías. Tamén resulta anómalo o costume de, cando se dirixen a nós, elevar o ton de voz respecto das demais persoas. Ser vello non implica, necesariamente, ser xordo; isto fainos sentir máis diferentes do que somos.

Obsérvase, en amplos sectores das novas xeracións, un desmesurado ánimo por tentar faceRnos máis novos cando nos tratan de: mozos (chicos, normalmente), cariño, cari, amigo...; como se nós necesitáramos un certificado de xu-



ventude para nos sentir máis novos e, consecuentemente, máis felices. Non. A nós, con que nos chamen polo nome ou, se o ignoran, nos dispensen o tratamento de cortesía (que non de submisión): señor, Vde..., xa nos sentimos a gusto; a menos que exista algunha relación familiar ou de amizade que resulten ridículos os devanditos tratamentos e máis fraternal o tuteo.

Tampouco nos parece axeitado (por exceso) o tratamento de "cabaleiro", como adoitan facer moitos axentes da autoridade e algún colectivo minoritario cando se dirixen a nós para calquera cuestión; neste caso as Sras. requerirían, con razón, o de "dama". Con Sra.-Sr., abóndanos.

Un servidor, Vello de 78 anos, que vai polo mundo moi fachendoso de selo, sen molestar a ninguén, non precisa de tuteos descarados, apócemas embellecedoras nin

terapias rexuvenecedoras para se sentir a gusto co que a Natureza lle presta.

Si que nos fai felices que non nos atropellen por las rúas, tendo que ceder nós o paso para evitar a colisión. Ceder un asento, ou o paso nunha beirarúa estreita a alguén que o precise máis ca nós non é unha antigalla do franquismo. É un acto de humanismo; son xestos de solidariedade, de sociabilidade que lubrican as relacións humanas logrando unha Sociedade máis fluída, máis humana e un Mundo máis comfortable. O desgusto-frustración que nos produce o comportamento irracional-inhumano dalgún-a donos dun can por esixir que este non nos veña limpar o fuciño (que só el sabe onde o meteu) ás nosas pernas, resultan insoportables. Hai lugares polos que xa non se pode transitar sen ser molestados por un can.

Esixten unhas forzas "telúricas" (presión publicitaria) que, coma a chuvia miuda, nos empapa sen nos dar conta. A mercadotecnia sabe moi ben que as idades xovenís son as máis vulnerables perante os "cantos de serea" que inducen á tiranía-escravitude do consumismo, ás modas, etc. Daí, que tente, por todos os medios ó seu alcance, "uniformizarnos" a toda a poboación nesos treitos de idade nos que se é máis proclive e vulnerable ó consumismo para lle plantar cara a aquela tiranía: Nenas con bolso, mozos cos pantalóns rotos (por moda), petrina dos pan-

talóns e calzoncillos con dimensións de adolescente, Vellas-os-Maiores ós que os tratamentos de cortesía os fan vellos, parecendo ignorar o ano que naceron...

A quen padeza patoloxías edadísticas que (os-as) hai, suxírolles a lectura do libro "Yo vieja", de Anna Freixas; resulta ser, para nós, os Vellos-Maiores, un salvoconducto para ir polo mundo coa cabeza ben alta e peito ben enchido; é dicir: non ir pola vida pedindo perdón pola idade que desfrutamos.

Ata a chegada da "modernidade virtual", estaba en vigor aquela frase que dicía: "A experiencia é a nai da ciencia". Na actualidade, o egocentrismo, a suposta autosuficiencia, o nihilismo derogaron o espírito daquela frase cuxa antigüidade descoñecemos. ¡Que nos vos pese! Eu lamento o baleiro deixado polos nosos antergos (avós-pais...), porque cando necesito consultar algo sobre cousas da vida cotián anteriores a min e que eles coñecían, non teño a quen preguntar. Láíome daquel baleiro.

Ser Vello-a-Mallor non é unha eiva; é un disfrute que os novos descoñecedes.

Ser Vella-o-Mallor non é unha eiva; é un Mérito cuxo título se consegue sen a intervención de ningún ente terreo. ¡¡¡Gracias-zas... Nai Natureza!!!

Se nos dispensades a atención que merecemos, descubriredes que, en toda Vellez queda un pouso de Beleza.

Son Vello, si; e, en frase dos nosos antergos: "A MOITA... HONRA.

Dos coidados-mimos que se lle dispensan ós cans e se lle NEGAN ós Vellos-Maiores; escribimos noutra ocasión, se chegamos.

La Giralda
ESTÉTICA & PELUQUERÍA

Pasión por la Belleza

Síguenos

C/ Castañal, 14 bajo- 36860 Ponteareas
986 660 477 / 660 860 645
peluquerialagiralda@hotmail.com

TAPERÍA - CERVEXARÍA

A Fragha

Telf: 622 024 787 - PONTEAREAS

CENTRAL AGRICOLA
PONTEAREAS, S.L.

Agro - Jardín - Ferrería

✉ comercialareas@hotmail.com
☎ 986 66 11 91 - 629 52 24 18
🏠 Areas Picoto 36861 - Ponteareas

ATLANTICOLOR

FERRETERÍA

Telf: 986 669 955

C/ Sauce, 7 - PONTEAREAS

PERMITIDO ACCESO DE VEHÍCULOS
ZONA CARGA E DESCARGA max. 15 Minutos

Servicio integral a la construcción

DERIVADOS DEL CEMENTO

COVELO

986 644 036
www.covelo.cc
grupoluco@covelo.cc

mp MARPI

Pisos Casas Solares Vendas Compras Alquileres

R/ Amado Garra, 11
PONTEAREAS
Tel.: 986 66 18 18
Fax: 986 64 47 29

e-mail: marpi@marpi.es - www.marpi.es



MERECES ELIXIR.

GADIS

CONDADO/PARADANTA

Reforma da escola de Redondo

O Concello de Covelo comezou os traballos de reforma interior da escola de Redondo, na parroquia de Barcia de Mera. Con esta intervención crearanse dúas zonas diferenciadas, unha destinada a vestiarios para o equipo de fútbol que utiliza o campo anexo e outra zona que poida utilizarse como sala para actos culturais, lúdicos ou educativos.

Os traballos suporán un investimento de 32.175,88€. O edificio da escola de Redondo, de 118,68 m², está situado dentro da área de protección da Ca-



pela de San Xosé, elemento catalogado do Patrimonio Cultural e incluído dentro do catálogo de elementos de bens culturais do PXOM de Covelo, aprobado en 1999.

Covelo, laboratorio da paisaxe

O Serradoiro dos Carranos do Concello de Covelo acolleu a quinta edición do proxecto cultural "Laboratorio da paisaxe". Esta iniciativa de pensamento aprendizaxe e intervención no territorio busca poñer en valor o patrimonio cultural e natural afondando nas relacións co territorio que nos acolle visibilizando as problemáticas da Galicia Baleira e o despoboamento rural, entre outras, ao tempo que se reflexiona na procura de solucións.

Nesta quinta edición a actividade estivo organizada polo colectivo Espazo16, coa colaboración do colectivo O Suído e conta co apoio da área de xuventude da



Deputación de Pontevedra. A través de roteiros, obradoiros e relatoiros e da man do escultor Xesús Padín, o arquitecto Manuel Bugallo, o historiador Fran García, o técnico forestal Gustavo Álvarez,

a arquitecta Sheila García, as apicultoras Melissa Terán e Fátima Estévez e o fotógrafo e biólogo Julio Eiroa; os asistentes percibirán o territorio da Serra do Suído dende unha visión holística.

Novos deseños para os xardíns cañicenses

O Alcalde Luís Piña e o xefe de obra da empresa adxudicatária VIVEIROS ADOA, S.L., Carlos A. Rodríguez Vila, supervisaron os novos deseños nos xardíns municipais das rúas Progreso e Castelaio, Praza

de Arbo e nas rotondas da rúa Vilanova, sendo estas a do Cruceiro e do Xamón.

Esta actuación adxudicada por un importe de 28.311,58€, consistiu na substitución de especies e da herba existente nas

zonas de plantación. O máis importante foi a dotación dun total de 1255 prantas novas como oleas, cupresus, buxus faulkner, mantillo, vétula, vivaces, jabre, helecho, ciathea cooperi e streptizia regina.

Cara un futuro sostible

O Concello de Covelo realizou unha xuntanza informativa sobre comunidades enerxéticas locais este 17 de outubro no auditorio

municipal para dar a coñecer o funcionamento das comunidades enerxéticas locais e aforrar nas súas facturas da luz dunha forma eficiente e sostible.

+Escénicas e Ciclo Mestre Mateo para A Cañiza e As Neves

A Deputación de Pontevedra levou este 9 de novembro ata A Cañiza o novo circuito cultural +Escénicas coa obra "O xardín de Vila Gris" a cargo de Fulano, Mengano e Citano. A peza, para público infantil e familiar, poderá verse na Casa da Cultura da vila ás 20.30 horas.

Pola súa banda o Auditorio

Municipal das Neves acolleu ese mesmo día a sección de curtas do ciclo Mestre Mateo, promovido pola Academia Galega do Audiovisual xunto coa Deputación de Pontevedra. Nesta sesión, poderanse ver curtametraxes como "Antes de que se poña o sol", "O coidado", "To bird or not to bird", "O neno sardiña" e "Ulises".

III Edición do "Trofeo Ciclocross Concello da Cañiza"



As instalacións do Campo de Fútbol de "Augas Férreas" acolleu a III Edición do "Trofeo Ciclocross Concello da Cañiza", unha proba puntuable para o ránking da Federación Ciclismo Galego e para o da Real Federación Española de Ciclismo.

O Alcalde felicitou aos organizadores, o Club Ciclista "Grupeta Pan De Zarco - A Cañiza",

coa colaboración do Concello, polo éxito de participación, con máis de 300 ciclistas inscritos. Tamén agradeceu ás empresas cañicenses SAEPLAST, Galimetal, Transportes González, Specialty Marine Products And Ventures, Reciclados Plásticos A Cañiza, Queixos "Castro Xaneiro" e tamén á entidade bancaria ABANCA pola súa contribución para financiar esta III Edición.

ELECTRICIDAD

BOUZA
ALFONSO Y DANIEL, S.L.

ILUMINACIÓN
Instalaciones en general
Reparaciones
Instalación de sonido
y telefonía interior

bouza@electricidadbouza.com

Rosalía de Castro, 7
Telf. y fax: 986 641 565
PONTEAREAS

acero plus
imprensa digital
IMPRESA · PUBLICIDAD · WEB

☎ 986 66 03 61
☎ 604 08 43 68

Paseo Matutino, 29 bj.
PONTEAREAS

www.aceroplusdigital.com
info@aceroplusdigital.com

Ferretería

Julio Pérez Giraldez

Tel/Fax: 986 651 052
Móvil: 606 361 558
juliopezgiraldez@hotmail.com

C/ Progreso, 81
36880 A CAÑIZA

A Cañiza aproba o "Plan de Saneamento Financeiro" 2024

Atendendo a súa obrigatorio anual, a Comisión Especial de Contas validou este 15 de outubro as medidas implementadas no Plan de Saneamento financeiro neste 2024 cos votos a favor do goberno municipal e a abstención da oposición.

O cumprimento destas medidas permitirá volver a solicitar antes de final de ano, ante o Ministerio de Hacienda, o mantemento da rebaixa da retención na PTE no 25%, o que posibilitará que os ingresos por este concepto non se vexan mermados á metade. A Comisión tamén é a encargada de redactar o informe anual sobre o grao de execución das medidas do Plan de Saneamento Finan-



ceiro.

En canto aos gastos destacan as medidas de aforro na licitación do contrato de subministro eléctrico, a redución dos postos de traballo que quedaran vacantes por xubilación ou calquera outra causa e a redución dos importes dos recursos propios investidos nas diversas actuacións desen-

volvidas polo Concello. En canto aos ingresos están as actualizacións das ordenanzas fiscais das taxas dos servizos de saneamento, lixo e auga e dos impostos de IBI, IAE e vehículos; e a revisión dos padrons tributarios co obxecto de incrementar os ingresos vía colaboración da Policía Local, entre outros.

Subvención conxunta para a "Mellora do Ciclo da Auga"

O Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico (MITECO) do Goberno de España, notificou á Agrupación de Concellos conformados pola Cañiza, Melón, Mondariz, Mondariz Balneario, O Carballiño e Maside a Resolución definitiva de concesión da subvención de "Mellora do Ciclo da Auga" por valor de 4.809.629,89€. A axuda cubre o 100 % do importe do proxecto e beneficiará a unha poboación total de 28.065 veciños.

A Asociación, que asinou un



convenio de colaboración mútua o pasado 13 de decembro para solicitar o PERTE de dixitalización do ciclo da auga, é a primeira

vez que se presenta á convocatoria, conseguindo a subvención xunto con 49 agrupacións e Concellos de toda España.

Faleceu Enrique Rodríguez, fundador de "Os do Resero"

O Concello da Cañiza amosou o seu pesar polo falecemento este 20 de outubro aos 83 anos do empresario Enrique Rodríguez Martínez, fundador do negocio hostelero "Os do Resero".

Popularmente coñecido na comarca da Paradanta como "Enrique do Resero", e da man do seu socio Manuel Sendín, este empresario comezou con este negocio no centro da Cañiza ata convertelo nun emblemático establecemento de 90.000m2 enlazado cara a autovía A-52 que dispón de asador, cafetería, xamonería, tenda de produtos gas-



tronómicos, casa rural e finca de cabalos. Este 2024 obtivo un recoñecemento na categoría de restauración por parte da Federación Empresarial de Turismo e Hostalería de Pontevedra (FEPROTUR)

O xamón da Cañiza en "Xantar"

O Alcalde da Cañiza presentou e promocionou os activos gastronómicos da Cañiza o sábado 26 de outubro, nun acto especial adicado á Feira do Xamón no 25 Salón Internacional de Turismo Gastronómico "Xantar", en Ourense, no que tamén se deu un espazo relevante a outros produtos da zona como o mel, o queixo, os caracois e os excelentes viños da Cañiza con denominación de orixe Rías Baixas. E como non, ó cocido cañicense, que na semana do 28 de outubro ao 3 de novembro foi promocionado en 10 establecementos da Cañiza.

Esta cita tamén permitiu di-



fundir a rede de sendeiros que percorre A Cañiza: a PRG206 ruta de Fontefría, a PRG207 da Cidade Castrexa das Grades, a PRG272 do río Ribadil e a ruta de Luneda que se suman á ruta PRG165 das Fragas e Levadas do Calvo e Deva.



Tlf.: 986 65 80 18
Fax: 986 65 82 69
Móbil: 608 88 01 23

Chan da Salgosa. Oleiros
Salvaterra de Miño

Aridos do Mendo, s.l.



Aridos e Formigóns

LOURINHA

O PORRIÑO

A Oficina de Retorno atendeu a 5.000 familias na área de Vigo

O secretario xeral da Emigración, Antonio Rodríguez Miranda, e o alcalde Alejandro Alonso, visitaron a oficina móbil no Porriño acompañados pola concelleira de Emigración, Vanessa Ucha, reafirmando o compromiso da Xunta de Galicia con ofrecer un apoio integral e personalizado ás familias retornadas, independentemente da súa localización xeográfica.

Esta iniciativa está cofinanciada polo Fondo Social Europeo. A Secretaría Xeral da Emigración da Xunta de Galicia continúa achegando os seus servizos de apoio



ás persoas retornadas a través da súa Oficina Móbil de Atención ás Persoas Emigrantes Retornadas. Na oficina da área de Vigo xa recibiron asesoramento 5.000 familias

atendidas dende 2020. Estes servizos confirmanse como unha ferramenta esencial para facilitar o retorno e a integración dos galegos que deciden regresar á súa terra.

A UNED Porriño aumenta a súa oferta formativa

A oferta formativa da UNED Porriño para o curso 2024-25 foi presentada o 16 de outubro, coa presenza do alcalde, Alejandro Lorenzo, o director da UNED Pontevedra, Víctor M. González, e o coordinador de Extensión Universitaria, Rafael Cotelo.

A UNED ampliou a súa oferta no municipio, incluíndo graos oficiais en Dereito, Socioloxía e Traballo Social así como actividades e cursos de extensión universitaria como a obtención do título da ESO para maiores de 18 anos e os cursos de UNED Senior, deseñados



para fomentar a aprendizaxe sen límite de idade. Tamén se ofertan novos cursos, como a segunda parte do taller de xestión do

estrés a través do movemento e un curso sobre a elaboración de pan de 'masa madre', rescatando a tradición culinaria.

Obras vias no Polígono da Granxa

Concello do Porriño comezou cos traballos para o acondicionamento de varios vias do parque empresarial da Granxa, concretamente na Casilla en Atios, grazas a un orza-

mento de máis de 114.000 euros, financiado pola Xunta e con aportación municipal.

Ampliarase a calzada e dous regos. Actuarase nun tramo de 633 m, cunha anchura media de

6,1 cm. Ampliarase a plataforma en 651 m² realizarase o bacheo de máis de 300 m² e o fresado de máis de 2,1 km² e estenderase unha capa de rodadura nunha superficie de 6,1 km².

16 mozos arrancan o obradoiro de emprego



O Concello do Porriño presentou o Obradoiro de Emprego "O Noso Encontro co Emprego", un innovador programa de formación e emprego dirixido a mozos menores de 30 anos. Este novo programa, que require un investimento total de máis de 480.000 euros, financiarase principalmente a través da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración da Xunta de Galicia.

Ata outubro de 2025 os alumnos beneficiaríanse desta forma-

ción, divididos en dúas especialidades: albalenería urbanización e carpintería, con oito participantes en cada unha. Os alumnos de carpintería poñerán en práctica os seus coñecementos reparando tres pasarelas no Paseo do Louro, mellorando así a accesibilidade na senda peonil que bordea o río. En canto aos futuros albaneis, encargaranse dos labores de urbanización e pintura na rúa Paralela 3 do Polígono Industrial da Granxa, onde se executarán novas beirarrúas.

O Porriño asiste a Valencia con drones e Policía Local

O Concello, atendendo ao chamamento da Generalitat Valenciana realizado a través da Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP), puxo á súa disposición un equipo de apoio para colaborar nos labores de emerxencia e rescate no territorio valenciano.

A entidade local dispuxo un equipo especializado de axentes da Policía Local, que inclúe unha unidade de dron para labores de

procura, rescate e control de zonas afectadas. Ademais, puxo ao dispor da Generalitat un conxunto de bombas de achique autónomas, que funcionan con gasolina, para axudar a xestionar inundacións e situacións de risco nas zonas afectadas. Así mesmo, mobilizarase unha autocaravana que funcionará como posto de mando avanzado, permitindo establecer un punto centralizado de coordinación en terreo.

CENA FIN DE AÑO 2024

MENÚ

Langosta cocida
Centolla - Buey - Camarones
Langostinos al vapor
Vieiras a la marinera con jamón ibérico
.....
Sorbete de limón al cava
.....
Ternera gallega y cordero lechal al horno con guarnición

Tarta "Espíritu Navideño"
Helado con cookies de chocolate
BEBIDAS
Alvariño Bouza do Rei
Alma Atlántica espumoso rosado
Ramón Bilbao Crianza
Cillar de Silos Crianza espumoso

Dos ambientes:
Salón familiar
Salón sólo adultos
Mesas individuales
Parking privado

Manolo
RESTAURANTE

Barra libre

La mejor animación con:

"Jano Méndez" & "Disco Events Music"
Cotillón y Uvas de la suerte
Chocolate con churros de madrugada

PLAZAS LIMITADAS!

Precio con IVA: 140 euros

Comienzo de la cena a las 21:00 h

Teléfono de reservas:

986 333 404 - 986 344 141 - 666 595 983

JANO MENDEZ
Eventos

O PORRIÑO

BNG: "O Concello do Porriño foi denunciado por infracción ambiental no río Louro"

O BNG do Porriño informou que leva un ano denunciando a política ambiental do PP de Alejandro Lorenzo. O BNG presentou no Pleno do Porriño hai un ano a figura de protección do ENIL (Espazo Natural de Interese Local) para o río Louro e os seus afluentes Fonteliño e Laxes, ao seu paso polo Porriño, a cal foi aprobada por unanimidade. "Esta é única ferramenta que pode protexer o noso río e afluentes no casco urbano agora e no futuro. Ademais, permitiría manter os seus ecosistemas e o disfrute das persoas do río", comenta o concelleiro do Bloque, Marcelo Rodríguez.

"Desde esa aprobación, o PP non levou a cabo nin o proxecto, nin as zonificacións, nin os usos, nin as franxas de protección do río e regatos do ENIL. Dedícanse a tirar fotografías dos concelleiros do PP posando no río. O seu é a publicidade" denuncia o concelleiro do Bloque.

E agora acaba de ser denunciado pola Asociación Ecoloxista Verdegaiá por vulnerar repetidamente a Lei de Patrimonio Natural de Galicia ante Consellaría de Me-



dio Ambiente. Así mesmo, a asociación rompe calquera relación co Concello do Porriño. Alén da contaminación da contorna do río durante os macroconcertos que alí organiza, o goberno do PP fai cortas continuadas sen seguir os protocolos e sen permiso da Xunta, nas beiras do río Fonteliño, dunha das especies invasoras máis agresivas do planeta segundo a UICN (órgano da ONU e máxima autoridade mundial no medio natural), a Fallopia japónica. A Xunta busca erradicala, pero unha corta sen control está a provocar que os restos vaian parar ás Gándaras de Budiño e ao río Miño, onde agora están arrai-

gando e causando graves problemas ambientais nos dous ríos.

Ademais, o BNG vén de denunciar publicamente ante o Concello do Porriño os continuos vertidos sobre o río Fonteliño da empresa de Pontearas Prebetong Áridos, que leva anos contaminando e colmatando o río con áridos e tóxicos da grava. O seu leito aparece moitos días cunha cor branca. A resposta do PP de Alejandro é o silencio. "Estas son algunhas das moitas mostras dun goberno do PP inoperante e paralizado ante unha política ambiental sería que precisa o Concello do Porriño", recalca Marcelo Rodríguez.

Arrancan as obras do novo gran parque no corazón do Porriño

O Concello do Porriño iniciou un ambicioso proxecto de transformación urbana co comezo das obras para a creación dun novo espazo público entre as rúas Antonio Palacios e Pío XII. Estes traballos, que inclúen a humanización da Rúa Pío XII.

O obxectivo principal deste proxecto é dar uso á mazá interior delimitada polas rúas Antonio Palacios, Avenida Domingo

Bueno e Rúa Pío XII. O novo deseño prevé a creación dun parque completamente aberto, onde os distintos usos e espazos estean interconectados.

Na Rúa Pío XII melloraránse as características de acabado e circulación da utilizando pavimento pétreo que continúe coa estética do parque e renovaránse todas as redes de servizo como abastecemento, saneamento, gas ou iluminación pública.

Zona de lecer para as mascotas



O Concello do Porriño contará nos próximos meses cunha nova zona verde de lecer no corazón do municipio, ubicada na céntrica Avenida de Galicia, unha das zonas máis transitadas do centro urbano.

Esta nova area pechada perimetralmente, que ocupará unha parcela de máis de 1600 m2 está deseñada para proporcionar un espazo seguro e agradable de paseo dos cans, á vez que ofrece un lugar de esparcemento e lecer para a veciñanza.

ALONG GROUP

- Asesoría de empresas y autónomos.
- Herencias y tramitación de escrituras.
- Gestiones en Tráfico y Transporte.
- Servicios Inmobiliarios y tasaciones.
- Creación de empresas y asesoría de emprendedores.
- Tramitación ayudas y subvenciones.
- Asesoramiento Jurídico.

Avda. Rosalía de Castro, nº 7 (36860) Pontearas - Pontevedra
Tel: 886 155 341 / 698 190 794
info@grupalong.com www.grupalong.com

Gestor Ambiental y Técnico en Obras
Manuel González Abril

- OFICINA TÉCNICA DE PROYECTOS
- TRAMITACIÓN Y PARTICIÓN DE HERENCIAS
- PERITACIONES Y TASACIONES INMOBILIARIAS
- ALTAS Y CORRECCIONES ANTE CATASTRO

Teléfono 630 485 211 obrasmga@hotmail.com

DONER KEBAB DKE

Porriño - 604 46 29 39 Salvaterra - 604 47 22 47
Salceda - 672 47 46 39 A Cañiza - 604 48 46 46

Bolboreta
TINTORERIA & LAVANDERIA

604 075 553

Rúa Fernández Areal 10-Bajo. 36400 O Porriño (Pontevedra)

Servicio a Domicilio Gratuito

PN Verónica Bastos
POWER NUTRITION

Rúa Doutor Paz Varela, bajo. Teléfono 667 34 52 99. 34400 - O PORRIÑO

Power_nutrition_asesoramientos

Dietsana
DIETÉTICA Y SALUD Desde 1992

986 337 684 986 642 719
C/. Cando, 15 C/. Alcalde Daniel Ojea, 10
O PORRIÑO PONTEAREAS

LOURIÑA

Mos recibe da Xunta un "investimento histórico" para 2025

Tras reunirse co presidente da Xunta de Galicia, Alfonso Rueda, a Alcaldesa de Mos Nidia Arévalo, xunto á concelleira de Facenda Felisa Rodríguez, valoraron como extraordinaria a aposta do executivo autonómico por Mos. Os orzamentos da Xunta para 2025 recollen partidas por importes de máis de 10M€ de inversión no concello de Mos, un investimento histórico.

O desglose dos orzamentos da Xunta para Mos en 2025 son os seguintes: 5 Millóns de euros para a construción do novo Centro de Coidados Intermedios no antigo Hospital do Rebullón; 2,7 Millón de euros para comezar a construción de nova Vivenda Pública en



San Eleuterio; 700.000€ para a nova Escola Infantil; 600.000€ para comeza a humanización do Novo Puxeiros; 484.196,00€ para o Novo Parque Empresarial de Arrufana; 233.221,00€ para Me-

lloras no curso do Río Louro; novo centro de Saúde de Mos; 150.000€ para mellorar a accesibilidade do CEIP de Atín, na parroquia de Cela; 106.000€ para actuación na rede de saneamento.

"Meu Concello", nova APP para a veciñanza mosense

Alcaldesa de Mos, Nidia Arévalo, e o concelleiro de Novas Tecnoloxías, Leo Costas, informaron de que está dispoñible a APP "Meu Concello", na que os vecinos poden comunicar os danos e/ou as incidencias detectadas na localidade, ademais de manterse ao día das



novidades do Concello.

Esta APP está dispoñible en Google Play ou APP Store de xeito completamente gratuito para ser utilizada no Smartphone (Android/iOS). Está promovida e financiada pola Deputación de Pontevedra a través de Fondos Europeos.

Emerxencias rumbo a Valencia



Alcaldesa de Mos, Nidia Arévalo informou da saída rumbo a Valencia de persoal do Servizo Municipal de Emerxencias para colaborar nas tarefas de axuda á poboación tras a devastadora DANA.

Mos puxo en marcha este dispositivo en resposta á petición solicitada pola Axega da Xunta a raíz do comunicado oficial da

Comunidade Valenciana solicitando medios e axuda. O grupo está conformado por 5 persoas, 3 GES profesionais e 2 voluntarios da Agrupación de Protección Civil de Mos nun dispositivo de aproximadamente 10 días de duración portando consigo vehículos especializados e material de traballo. Tamén colaborou AEMOS co envío de 11 xeradores eléctricos.

700.000€ en obras do Plan +Provincia

Concello de Mos iniciou as obras de optimización de 19 camiños, 2 muros de contención e acomete o saneamento para máis de 50 veciños no marco do Plan +Provincia da Deputación de Pontevedra a través dun investimento de aproximadamente 700.000€.

A Alcaldesa Nidia Arévalo, o

concelleiro de Obra Pública, Camilo Grandal, e o edil de Contratación, Leo Costas, supervisaron os traballos realizados no Camiño das Chousas. As obras continuarán nas parroquias de Cela, Guizán, Soutonovo, A Ponte, Louredo Camilo do Viso, Mos, Pereiras, Petelos, Sanguñeda, Tameiga e Torroso.

**¡ROMPEMOS LOS PRECIOS!
MEJORAMOS EL PRECIO
DE TUS SEGUROS**

**ENVÍANOS UN WHATSAPP Y
TE ENVIAMOS PRESUPUESTO
SIN COMPROMISO**

633 60 12 57

Rúa do Pinac, nº13, Bajo B, O Porriño
986 33 14 50
633 60 12 57
josefuis.bugarin@agencia.aaa.es
segurosbugarin@gmail.com

AXA

ORGASERCO, S.L.
ORGANIZACION E ASSESORAMENTO
DE EMPRESAS

**José Abraldes Amil
Economista**

Avda. de Galicia, 13 Portal 3 Ofic. E 36400 - O Porriño (Pontevedra) Telf. 986 33 82 90 - Fax 986 34 43 87
abraldes@orgaserco.es

NL
Hnos. Núñez Lorenzo, s.l.
CORREDURIA DE SEGUROS
carlos@hnos-nunez.com

ASEFISLA
SALCEDA S.L.
ASESORÍA INTEGRAL DE EMPRESAS
paulo@asefisla.com

Salceda de Caselas. Pz. Concello, 14
986 349 075 - 986 347 391 - 660 112 136
Salvaterra de Miño. Rúa Galicia, 14
986 658 245 - 986 659 267 - 629 587 358
Tui. Travesía Foxo, 4
986 601 539 - 609 765 228
Vigo. Avda. Gregorio Espino, 3
986 265 000 - 608 333 992
O Porriño. Avda. Galicia, 38
986 339 787 - 615 381 878

SALCEDA DE CASELAS

190.000€ para saneamento na Picoña e Parderrubias

O equipo de goberno do Concello de Salceda vén de facer públicos os próximos investimentos en obras de saneamento con cargo ao Plan Máis Provincia 2024. Trátase de dous proxectos a executar nas parroquias de Parderrubias e da Picoña, que suman un total de 188.697,04€.

Na parroquia de Parderrubias executarase un colector de 544,10 metros, que permitirá a conexión de 14 vivendas. O investimento conta con un orzamento de 132.067,76€, e unha vez rematado o proceso de licitación para establecer a empresa adjudicataria, terá un prazo de execución de 3 meses. Este tramo dá solución a diversas vivendas do barrio da Presa, algunhas delas con problemas por verquidos que agora por fin van quedar solucionados.



A asociación veciñal Santo Tomé de Parderrubias tñíalle trasladado ao equipo de goberno esta necesidade. A Alcaldesa, Loli Castiñeira, e o Concelleiro de Axenda Ecolóxica, Marcos Troncoso, visitaron a zona co Presidente da Asociación ante o inminente comezo das obras.

No caso da Picoña o tramo a executar é de 273,10 metros, que permitirán a conexión dun máximo de 7 vivendas do barrio do Carballal, e que dará servizo á aula de infantil do CRA Raíña Aragonta. Este proxecto conta con un orzamento de 56.629,28€, e un prazo de execución de dous meses.

Convenio de 126.000€ para 32 colectivos

O Concello de Salceda asinou os convenios cos 32 colectivos que contan con subvención nominativa nos Orzamentos Municipais, por un importe total de 126.751,40€.

As axudas repártense entre entidades de diferentes ámbitos: 18 asociacións culturais: 35.800; 6 clubs deportivos: 65.051,40€; 2 entidades de benestar social: 18.000; 3 centros de ensino: 4.600€; 1 asociación de comerciantes: 900€; 1 agrupación de voluntarios/as de Protección Civil: 1.500€; 1 asociación ecoloxista: 900€

Entre as entidades beneficiadas destacan os centros culturais das parroquias, os dous coros existentes



no municipio, o entroido centenario de Castro Barreiro e A Feira, as asociacións veciñais e a Asociación de Amigos/as da Música, o Caselas FC, as Escolas Deportivas de Salceda, a Escola Deportiva Denis Suárez, os clubs de balonmán e

baloncesto Caselas, o Club Ciclista Aragonta, a CRA Raíña Aragonta, o CEP Altamira, o IES Pedras Rubias, asociación de Persoas Xubiladas, AFAGA, ACISA, ACDE Treze Catorze e a Agrupación de Voluntarios/as de Protección Civil.

Protocolo para uso do Penedo Redondo



O concelleiro de deportes Marcos Troncoso mantivo unha reunión de coordinación coas entidades deportivas usuarias das instalacións do Penedo Redondo. Un dos temas a tratar foi a aprobación dun

protocolo de uso e convivencia nas propias instalacións, posto que o uso compartido entre persoas adultas e menores de idade precisa dunha regulación e do seu coñecemento por parte de todas as persoas usuarias.

Entrega de premios de Pincho Folk



O Concello entregou os premios ás persoas gañadoras que participaron nas votacións do Pincho Folk. Entre os premios están un fin de semana de enoturismo na Ribeira Sacra, un pase para dúas persoas no Palacio da Auga en Mondariz ou un lote de embuti-

dos e viño. Ademais, dende ACISA entregaron vales de 20€ para consumir en establecementos adheridos. Os participantes que completaron a ruta foron agasallados cun pack de 'Salceda Móvese', composto por mini neveiriña, bolis, libretiña, botella de viño e bolsa de tea.

Mantemento no parque da Picoña

Dentro do Plan anual de mantemento e reparación de parques infantís e en colaboración coa Comunidade de Montes da Picoña, o

Concello realizou diversas tarefas de mantemento no parque situado no Centro Cultural da parroquia de Picoña.

Fiosan

Construción en xeral - Reformas - Cantería - Panel sandwich

Vera, 24. San Mateo - 36862 PONTEAREAS. Telf: 664 193 533 - 608 175 675
fiosanconstruccion@gmail.com

GALICIA NA SEÑORA
SAUDE, SEGURIDADE E BENESTAR

Con moito entusiasmo e agarimo pensando en ti

Rúa Progreso, 34 - VIGO

Rúa de Oriente, 11 - PONTEAREAS
Teléf. 886 155 506

Xosé González Martínez | Presidente do Foro E. Peinador

“Para galeguizar o país debemos procurar novos axentes e unha política lingüística de maior periodicidade”

Xosé González Martínez é presidente do Foro E. Peinador, secretario da Asociación de Amigos do Couto Mixto e fundador da Asociación de Funcionarios para a Normalización Lingüística, da Irmandade Xurídica Galega, da Asociación Álvaro das Casas e da Irmandade de Agroalimentarios e Adegueiros.

O Foro Peinador vén realizando unha importante labor de promoción do galego en todos os ámbitos da sociedade. Que balance pode comentarnos sobre este emprendemento?

O balance que podemos facer é positivo. Cómpre sinalar que a primeira entidade na historia da lingua galega que promoveu o seu uso no ámbito socioeconómico foi a Asociación de Funcionarios para a Normalización Lingüística, que permitiu a galeguización das empresas "Electrodomésticos San Luís", Larsa, "La Fe", "Castromil", "Construcións Malvar", "Covsa", entre outras. Posteriormente a AFNLG deulle paso ao Foro E. Peinador, que promoveu durante varios anos os "Encontros de Lestrobe" en Padrón. Por eles pasaron ao pé de 100 empresarios que foron informados dos obxectivos de galeguizar as empresas atendendo cadansúa peculiaridade.

En novembro se conmemora a festividade de Todos os Santos, e como indica no seu artigo de opinión "Falar cos mortos", este mes "estará inzado de actos de pedagogía galeguizadora en moitos cemiterios do país". Un deles é un acto no cemiterio de Lira. Que nos pode comentar deste evento?

Hai trinta anos, a AFNLG puxo en marcha unha iniciativa novidosa: "En galego, agora e sempre", utilizando un verso dun poema de

Ramón Cabanillas. Partíamos dun feito constatable: os espazos da memoria (cemiterios) estaban castellanizados. Nesa época unicamente unha de cada mil lápidas estaba escrita en galego. Hoxe, despois da celebración anual dos chamados "Días da Restauración da Memoria Lingüística", podemos afirmar que a evolución é progresiva. En colaboración cos familiares procedemos a substituír epitafios en castelán por outros en galego e cos Concellos para sufragar o custo das lápidas e da placa que colocamos na porta dos camposantos. Tamén repartimos a "Declaración de Vontades" para promover a galeguización deses espazos e mantemos contactos coas empresas funerarias de Galicia para organizar o Funergal que anualmente se celebra en Ourense, O dato negativo é o das esquelas que se publican en galego nos medios de comunicación. Había máis hai trinta anos ca hoxe.

A recente enquisa do Instituto Galego de Estatística reflicte que, por primeira vez na historia as persoas residentes na nosa Comunidade falan exclusiva ou nomeadamente o castelán (52,4%) por riba do galego (47,6%) Na mocidade é igualmente perceptible este retroceso: un terzo dos menores de 15 anos non sabe falar galego e só un 16% emprega a lingua acotío. A que cre que pode ob-

decer este retroceso?

A polémica da perda de falantes que motivaron os resultados ofrecidos polo IGE non sorprende. O devalo na perda de falantes vén de vello. Esta perda vén sendo progresiva por moitas e varias razóns. Pareceunos impropio o balance triunfalista que fai tres anos fixo unha institución académica como a RAG. Hoxe din o contrario, denuncian á Xunta de Galicia urxíndolles un "Pacto pola Lingua" cando este xa se celebrou no Parlamento de Galicia en 2004 no momento de aprobarse por unanimidade o Plan Xeral de Normalización Lingüística. O que ocorre é que tanto o Goberno como os grupos parlamentarios esqueceron de dotalos economicamente e que non quedase só nun prontuario de medidas a aplicar. Por outra banda tamén fracasou a política de apoiar desproporcionadamente á industria editorial durante moitas décadas, cuxa incidencia na galeguización non foi decisiva. O ensino tamén fracasou, antes e despois da aplicación do coñecido decreto do plurilingüismo.

Como cre que poden reactivarse o interese polo galego e a normalización lingüística dentro da sociedade galega?

A solución está en procurar novos axentes para galeguizar o país e establecer unha política lingüística de maior periodicidade.



O pensamento dos fundadores do Foro E. Peinador era, e segue a ser, que a sorte do galego no futuro dependerá do prestixio social que acade e, neste senso as empresas serán entidades imprescindibles porque nelas converxen traballadores e consumidores. O Foro tamén incidiu nas administracións públicas para que abrisen novos horizontes con propostas como os "Dereitos Lingüísticos dos Traballadores ante o Consello Galego de Relacións Laborais ou a Lei de Consumidores e Usuarios que incorporase os dereitos dos cidadáns nas relacións contractuais. A cidadanía pode facer moito por galeguizar promovendo o consumo de produtos etiquetados en galego, instando á aplicación da lingua no sistema xurídico ou demandar así como demandando o uso do galego nas empresas prestadoras de servizos domiciliarios (luz, telefonía...)

A nivel oficial, especialmente por parte da Xunta, observa un apoio decidido para fomentar o galego na vida cotiá ou, polo contrario, a aposta é por un bilingüismo que beneficia máis a utilización do castelán?

Durante anos, especialmente nos gobernos de Manuel Fraga, urximos pola adopción do Pacto pola Lingua. Pero o mesmo debe

ter varios escenarios: Xunta, Concellos e Deputacións, partidos políticos, sindicatos, asociacións profesionais e colectivos culturais. Hai que desenvolver campañas de dinamización coas debidas medidas pedagóxicas. Tamén os Concellos teñen que facer outro labor complementario coas demais institucións e axentes sociais.

O salientable é que este retroceso do galego acontece en momentos en que o BNG consolídase como a principal alternativa de goberno en Galicia, con resultados históricos nas recentes eleccións autonómicas. Como cre que pode explicarse esta realidade?

O nacionalismo pode medrar en votos pero non en conciencia nacional. Como explicar que o 45% dos votantes do BNG nos últimos comicios para a elección do Parlamento sexan castelán falantes? Ten que ser a Xunta ou os que recibiron os votos os que teñen que galeguizar aos seus votantes? Se queremos que medre a conciencia galega e a autoestima dos galegos e galegas hai que partir dun principio: a solución está en todos os axentes sociais, institucións... que deben actuar coordinadamente, ou atendendo ás peculiaridades dos territorios nos que gobernan.

ERDP
ERincón Del Perfumista
Tu Especialista en Cosmética Ecológica
Perfumes de Autor
886 311 003 | 633 535 053 | www.erdp.es | info@erdp.es
Paseo Matutino, 13. 36860 Ponteareas. Pontevedra

Mariquita Mimosa
Ropa infantil Bordados
Confección a medida
Servicio de tintorería
CICLISTA EMILIO RODRÍGUEZ, 6
PONTEAREAS
mariquitamimosa@hotmail.com
986 182 659 - 656 860 074

O Tunel
apas
Desde 1947
986 64 17 57 - Praza Maior 31, PONTEAREAS